

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do xoves 28 de setembro de 2023

Logo de ver o disposto nos artigos 46 e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

TENDO EN CONTA que, segundo o acordo plenario de data do 13/07/2023, relativo ao réxime de determinación da periodicidade das sesións plenarias, o Pleno celebrará sesións ordinarias con carácter mensual o último xoves de cada mes ás vinte horas.

En aplicación do previsto nos artigos 78 e 80 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

1. CONVOCAR unha sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

Data: xoves 28 de setembro de 2023
Hora: 20:00 h
Lugar: Salón de Plenos - Casa do Concello

ORDE DO DÍA:

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 15/2023 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 27/07/2023
2. PÓLIZA DE CRÉDITO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO 2ª LICITACIÓN
3. MODIFICACIÓN DA BASE 27ª DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO, QUE MODIFICA DÚAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS
4. SC 03/2023. APROBACIÓN INICIAL DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 03/2023 E AMPLIACIÓN DO LIMITE GLOBAL DAS GRATIFICACIÓNS DO PERSOAL FUNCIONARIO MUNICIPAL
5. APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2023 - 2º FASE DO POS+ADICIONAL 2/2023
6. DELEGACIÓN DA COMPETENCIA PARA ADXUDICAR O CONTRATO: REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO
7. APROBACIÓN DEFINITIVA DE REGULAMENTO INTERNO DE TELETRABALLO
8. ADHESIÓN Á REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 565.089 exp. 2023/G010/000016

9. DESIGNAR REPRESENTANTE NA REDE REMA - REDE DE ESPAZOS MUSEÍSTICOS DO ATLÁNTICO
10. PROBLEMA SUSCITADO POLA PROHIBICIÓN DE AMARRAR AS EMBARCACIÓNS DA 3ª E 7ª LISTA NOS DIQUES PORTUARIOS
11. CREACIÓN DUN APARCADOIRO DISUASORIO NA ZONA DA ROTONDA DE TÉ

PARTE DE CONTROL

12. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
 13. DACIÓN DE CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2024 (LFO 2024)
 14. ROGOS E PREGUNTAS
-
2. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros do Pleno, e poñer á súa disposición no Portal de Cargos Electos da Sede Electrónica municipal as actas e a documentación dos expedientes que conforman a orde do día, **facéndolles saber que de conformidade co disposto no artigo 14.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para desenvolveren a súa función, e singularmente das que terán que servir de antecedente para as decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que lles sexa facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.**
 3. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.